

CÉSAR RAÑA IN MEMORIAM

No 18 de novembro de 2018, tivemos que lamentar o pasamento de César Raña Dafonte, que foi profesor de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela, desde os comezos destes estudos, en 1974, daquela no seo da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. Formárase na Universidade de Salamanca, onde se licenciou en Teoloxía (1963) e en Filosofía (1965), mais doutorouse despois, na nosa Universidade, en 1977, cunha tese sobre Amor Ruibal, sobre cuxa obra realizou importantes contribucións, como estudioso e como editor. O seu labor posterior, como docente e como investigador, foi no campo da filosofía medieval, gozando do recoñecemento dos seus pares e do prestixio de especialista.

Das súas numerosas publicacións, cómpre lembrar os libros: *Pedro Abelardo (1074-1142)* (1998)) e *Juan de Salisbury (1110/20-1180)* (1999). Sobre estes autores e en xeral sobre o século XII, indagou, afondou e versou en abundantes e destacados artigos, intervencións en congresos e capítulos de libros. Como mostra, dun rexistro de mais dunha cincuentena de publicacións, lembramos: “El humanismo del siglo XII y su proyección en el humanismo renacentista” (1988); “El combate entre el mundo y la razón según Pedro Compostelano” (1993); “La interpretación de textos en la Edad Media: Pedro Abelardo”, Maimónides (1998); “La vida cotidiana en el siglo XII y la reflexión ética de Pedro Abelardo” (2001); “*De vita non sancta* en la Alta Edad Media” (2005); “Corrector et medicus: la ética altomedieval a la luz de los penitenciales” (2006); “*Ratio lucerna: la razón como guía en el siglo XII*” (2008); “*De Membris Conspirantibus. Razón y rebelión en el siglo XII*” (2010); “Juan de Salisbury (1110-1180): Entético sobre la Doctrina de los Filósofos” (2013, 1ª parte; 2014, 2ª parte; e 2016, 3ª parte); “*Umeris gigantium insidentes* (Sentados sobre hombros de gigantes): el pasado y el futuro del saber según los medievales” (2016).

Xubilárase en 2010, mais seguiu vinculado á Facultade durante varios anos como Profesor-Investigador Ad Honorem, colaborando a paliar a carencia, dificilmente reparábel, que deixaba como medievalista. Pertencia á *Sociedad Española de Filosofía Medieval*, con sede en Zaragoza, e á *Sociedad Internacional de Filosofía Medieval*, con sede en Lovaina.

César Raña sumaba, ás mellores cualidades como profesor e investigador, o feito de ser un compañoiro excepcional: persoa de ben, que facía o ben, sen se notar. Querendo sintetizar nunha dedicatoria a súa sabedoría e o seu compañirismo, os membros da Facultade de Filosofía agasallárono no día da súa xubilación cun presente con esta inscrición: “*Magister et Amicus Singularis*”.

Aínda resoa na nosa lembranza a lección maxistral que pronunciou, con motivo do inicio de curso académico 2011-12, na Facultade de Filosofía: “*Exsilium Hominis Ignorantia. Una lección del siglo XII*”.

Desde o primeiro número, en 1981, en que publicou o artigo “La analogía según Amor Ruibal”, César Raña estivo ligado á Revista *Agora*, da cal foi sempre un colaborador incondicional e xeneroso.

Agora. Papeles de Filosofía